



SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
Expte: PCO.001.2022.00501

Contratación dos servizos de Impresión da Axenda da Rede Cultural correspondente aos meses de novembro e decembro 2022 e xaneiro e febreiro 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DO CONTRATO

A Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das deputacións “rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:...d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade **o fomento en materia de cultura**, educación e deporte.”

A Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións “A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

Neste contexto, a Rede Cultural é un dos programas senlleiros da acción cultural de Deputación, de xeito que na súa modalidade dirixida a colectivos non profesionais acadou xa a súa 39 edición e nos últimos anos incrementouse de forma moi importante o crédito destinado a seu financiamento, constituíndo así unha referencia na programación cultural da provincia.

Co obxecto de dar unha maior visibilidade á Rede e achegar dun xeito eficaz a información sobre os espectáculos programados considerouse como un medio axeitado facer un encarte cuatrimestral coa información nos periódicos de difusión na provincia.

O primeiro encarte de difusión da Axenda da Rede fíxose o pasado 24 de xullo, na que se incluíu a programación dos meses de xullo, agosto, setembro e outubro, estando previsto realizar o segundo encarte o 6 de novembro.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

A xefa do Servizo,
Mercedes Fernández -Albalat Ruiz